

*SEN TÍTULO, TÉCNICA MIXTA, CONSULTAR PREZO***Rafael J. Ambel**

Doctor en Bellas Artes

No Museo de Arte Contemporánea (MARCO) de Vigo, tivo lugar a reunión de directores de museos de arte contemporánea de toda España, mesas redondas con intervencións de directores e directoras destes centros, e xestores de importantes eventos artísticos como Arco, entre outros. O nacemento de cada centro de arte contemporánea ten a súa historia e os seus protagonistas, anécdotas e éxitos que se cifran en datos numéricos; esta noticia é unha escusa para falar da arte de hoxe. Algunhas persoas, coloquialmente, cualifícanos de “parto doloroso” o que pasa coa arte, e quizais non se dan conta de que o símil da dor non se dá na arte senón na realidade, na sociedade; a arte non sente, os que senten son os artistas xunto con outros cidadáns, especialmente sensibles a moitas circunstancias; unhas son moi evidentes e outras pasan desapercibidas á maioría dos cidadáns.

Arco e o seu marco audiovisual segue na liña da innovación. Quen visitou Arco este ano vería a ampla dedicación a novos medios neste evento, os audiovisuales e a súa influencia na nova arte é máis que evidente. A arte, hoxe en día, faise con mestura de medios, cos elementos e técnicas residuais dos medios máis estendidos, por exemplo, aproveitar un formato en desuso, como a película de Super-8 para crear un videoclip ou agora co vídeo VHS en desuso fronte ao DVD, o artista ve outras posibilidades, que antes non se lle ocorrían. Tamén a arte aproveita a anticipación, mediante novos medios emerxentes pouco instalados na sociedade, dese xeito, adiántase aos medios que logo dun tempo son os máis comúns, logo desta anticipación o artista séntese realizado por ter esa visión ou intuición.

Doutra banda, a educación plástica ou visual que se imparte nos colexios vai acompañada dunha forzosa formación en tecnoloxías informáticas ou ben, porque o

alumno xa domina ou se consideran necesarias para a formación actual. Nesa contorna, estase educando en formas e cores a través da pantalla, só falta dar xunto á informática o uso do móbil como nova asignatura, en secundaria e bacharelato, e non precisamente unha das marías, materia esta que debería ter contidos como: formas de destruír ou romper a linguaxe, formas para esnaquizar palabras con puntos e “com” e como escribir en letra pequena para provocar máis erros na escritura. Igual ocorre coa televisión dixital terrestre ou “voladora”, aumentar as canles en aras da cultura e da educación ou en aras da confusión e a non educación; os empresarios dos novos medios educan aos seus fillos na alta cultura e en bos colexios e universidades pero non lles importa que a canle que dirixen ou xestionan sexa pouco educativa, porque ten que ser rendible e o que vende é a televisión lixo; así como o cidadán vai concienciándose de que parte do seu traballo doméstico é a reciclaxe do lixo (sen que ninguén lle pague por iso), a nova carga que se lle vén encima coas televisións “por terra” é a de reciclar as súas ideas mediante a televisión lixo, cousa difícil de conseguir porque o envoltorio da programación non se pode reciclar como cos envases comerciais. Ironías aparte (aínda que sexan verdades) ¿por que falo tanto de medos audiovisuais?, porque son o “médium” no que se move a sociedade actual e os propios artistas e creativos. É moi crúa esta descrición, pero realmente, é que é lamentable que os profesores teñamos que seguir escribindo ou debuxando na pizarra (como na Grecia antiga) e os medios mais avanzados e sofisticados se destinen a seguir enchendo de lixo os fogares; a formulación que ofrezco é moi radical pero é así: se a educación é gratuita, a que se emite por televisión tamén debe ser EDUCACION. Por exemplo: como profesor particular para o neno sen ter que pagar un complemento en educación: dicionario da Academia por televisión, enciclopedia por televisión, problemas de matemáticas por televisión, é

como Internet, que está demostrado que pode funcionar moi ben para certas cousas, pero en formato televisión bo e logo máis cousas, pero que a televisión sexa unha axuda real para os pais e os fillos. Estendinme nisto que parece que non ten que ver coa arte, pero en realidade estes medios de ensino e comunicación son en si mesmo unha arte, arte do século XXI e educación mediante a arte.

Directamente relacionado co visual está a beleza e hoxe estamos afeitos ver continuas desgrazas e catástrofes traídas da man de reporteiros por todo o mundo; os guións máis impresionantes do cine non son nada ou simples contos de hadas, ou de debuxos animados comparados co que ocorre realmente no mundo; censúranse imaxes da matanza das torres xemellas pero podemos ver plácidamente unha masacre de nenos en calquera país en guerra; evidentemente, todo isto non pasa desapercibido ao artista. ¿Ten que ser o artista un activista ao servizo das causas partidistas?. Cando un comisario selecciona unha obra e trasluce un sentimento de carácter social ou de inxustiza, marxinación ou calquera outro valor defendido na Carta dos Dereitos Humanos evidencia o seu propio guión, pode facer arte coa súa simple elección, de obras ou artistas; penso que é máis creativa nesa acción a arte do comisario que a arte dos artistas seleccionados ou as obras expostas.

Na miña opinión a arte debería estar máis relacionada coa beleza e a estética que co conflito. ¿Ten que ser un museo un foro político?: Creo que non; o que a sociedade pide aos políticos é que fagan o seu traballo ben, e que cando se lle ven as orellas ao lobo ou ao conflito, saiban negociar e pactar antes de que chegue a devastación para os inocentes, e se non, que dimitan e digan claramente que non poden co peso e a responsabilidade das vidas dos seus cidadáns, sempre haberá alguén que queira unha sociedade mellor e non só mellor para os que gobernan. Do mesmo xeito, pídeselle a un artista que pinte ben ou que faga

esculturas impresionantes ou que dirixa un curto visual espectacular, pero non se lle pide ao artista que dea a súa opinión no parlamento e moito menos que se leve a cabo algunha das súas excéntricas propostas, polo tanto os políticos non deberían ver nas manifestacións artísticas e os seus eventos un medio para seguir transferindo conflitos á sociedade, para que a sociedade unha vez sensibilizada pida á democracia a actuación. Lamentablemente, a democracia que ata a data consiste en votar unha vez cada catro anos, non ten evolucionado nada desde os gregos, que xa votaban/elixían por maioría; con todo, a arte leva evolucionado; xa que logo, aos políticos o que se lles pide é máis imaxinación e creatividade para que fagan que a democracia evolucione e sexa eficaz a súa función pública, e non un lamentable papeleo protocolario de intencións ineficaces. Abundando nesta idea, poñerei outro exemplo: un médico non vai a unha exposición para operar mellor ao seu paciente ou darlle alí o tratamento (quizais nalgún tratamento psicolóxico sexa necesario), o médico como moito solicita opinión a un colega; igual fai o avogado ou calquera outro profesional; aínda que as exposicións se usen como actos protocolarios dos políticos, iso non é arte, e pasear ¿cincuenta? veces obras dun artista histórico polo territorio mundial con seguros millonarios, tampouco; quizáis sexa unha forma de aproveitar caducidade dos dereitos de autor, ou de facer propaganda política, ou de facer negocio como no caso da especulación. Os artistas de vangarda sempre viron na internacionalización da arte o seu valor progresista, igualmente, agora percíbese a globalización na arte, pero por favor que non sexa iso unha fuxida cara adiante para a política, como non sei resolver os problemas caseiros irei resolver os do veciño. A arte é arte e a política é política, ambas disciplinas teñen a súa nobreza e a súa utilidade, pero por se non lles queda abofé como é a arte de hoxe podereilles outro exemplo, a arte é como o amor, o amor a data de hoxe, claro.